

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
17 DE ABRIL DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Concelleiros

Dona Eva María Vilariño González(CIM)
Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)
Don Juan José Herva Mallo (PP)
Dona María Rosario Manso López (CIM)
Don Luis Purriños Pena(CIM)
Don José Paz Tenreiro (PP)
Don Manuel José Pérez Martínez (PP)
Don Antonio Medín Pena (PP)
Don José María Laya Carril (CIM)
Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)
Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Interventora

Dona Marta Roca Naveira

Secretario

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas e quince minutos do día dezasete de abril de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o primeiro tenente de alcalde don Jesús Veiga Sabín e asisten os seguintes concelleiros: dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don José María Laya Carril; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

A Presidencia desculpa a non asistencia do Sr. alcalde titular, por estar nunha operación cirúrxica de urxencia dun empregado eventual do Concello.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo máis observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 30 de marzo de 2006, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última sesión ordinaria celebrada, números 133/06 a 388/06, ambas as dúas incluídas, que estiveron a disposición dos señores concelleiros para o seu exame.

3.- PERIODICIDADE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS.- Por proposta da Alcaldía e a teor do que establece o art. 134 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado, a abstención dos concelleiros Sres. Laya Carril e Cortizas Rodríguez, e nove votos a favor dos demais concelleiros asistentes á sesión, o Pleno do Concello acorda que as reunións ordinarias da Comisión Informativa de Asuntos Xerais terán lugar os luns de cada semana ás 12,30 horas.

O Sr. Abreira manifestou o seu voto en contra, xa que algúns dos concelleiros membros da Comisión traballaban e sempre seríalles máis fácil acudir a todos se se celebran como ata o de agora e non poñelas ás mañás.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.- Pola Presidencia sométese ao Pleno do Concello por vía de urxencia, ao non estar incluído na orde do

día, a aprobación definitiva do estudo de detalle que presentou o Grupo Atlántida Gestión Norte S.L. en Río de Bañobre deste termo municipal.

Sométese a votación a urxencia, en cumprimento do que dispón o art. 83 do ROF, co seguinte resultado: Votan en contra da urxencia os concelleiros Sres. Abraira Sobrado e Laya Carril, que suman dous votos, abstense o concelleiro do PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e votan a favor os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que coa maioría prevista no art. 47 da Lei 7/85, do 2 de abril, acórdase a urxencia e éntrase a debater e votar o asunto:

Visto o estudo de detalle que presenta o Grupo Atlántida Gestión Norte S.L. aplicable a un predio en Bañobre deste municipio, solo urbano, Ordenanza Z1A do PXOM, redactado pola arquitecta dona Violeta Lorenzo Curra, o cal carece de visado colexial.

Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 23 de decembro de 2005 e foi exposto ao público con inserción de anuncios no taboleiro de edictos, DOG núm. 4 do 5/01/06 e no xornal *La Voz de Galicia* do 22-2-2006, sen que durante o prazo de exposición se presentara ningunha reclamación.

De conformidade co que establece o art. 89.2 da Lei 9/02, de ordenación urbanístico e protección do medio rural de Galicia, logo da declaración de urxencia, o Pleno do Concello, co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril, a abstención do concelleiro do PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e o voto favorable dos nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle sinalado anteriormente.

2º.- En cumprimento do que establece o art. 92.3 da citada Lei 9/02, comuníquese esta aprobación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con traslado dunha copia dilixenciada de dous exemplares do instrumento aprobado con todos os planos e documentos debidamente dilixenciados, e queda condicionada a firmeza deste acordo de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle, ao cumprimento do sinalado, como establece o art. 92.4 da Lei 9/02.

5.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM. VARIANTE DE BAÑOBRE.- A Presidencia somete ao Pleno do Concello por vía de urxencia, ao non estar incluído na orde do día, a aprobación provisional dunha modificación puntual do PXOM, variante de Bañobre. En cumprimento do que dispón o art. 83 do ROF, sométese a votación a urxencia antes do seu debate co seguinte resultado: votan en contra os concelleiros Sres. Laya Carril e Abraira Sobrado do BNG, abstense o concelleiro do PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e votan a favor da urxencia os nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que por maioría se acorda a urxencia e éntrase a debater e votar.

O concelleiro Sr. Abraira manifestou que esta variante non vai solucionar o tráfico, xa que o vial proxectado non é apto para vehículos pesados e debería servir para que este tráfico non pase polo centro urbano de Miño, non é a solución proposta a axeitada. A Presidencia contesta que se fixo vostede algunha xestión, sería en contra, imos enviála á Consellería para a súa aprobación. Replica o Sr. Abraira que ten conversas fluídas cos delegados e sabemos que esta non é a solución axeitada, xa que non reúne as condicións técnicas esixidas. Contesta a Presidencia que as súas conversas non se traducen en beneficio para Miño.

O concelleiro Sr. Herva Mallo sinala que lle sorprende que teña conversas cos delegados, cando no seu boletín informativo se proclamabavostede delegado, continúa, non imos solucionar o tráfico, pero será un vial que nos quedará e se non o financia a Consellería, terá que facelo o Concello con recursos propios.

O planeamento urbanístico vixente neste municipio de Miño é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello na sesión do día 8 de agosto de 2002e publicado no BOP número 200 do 31-08-2002.

A modificación tramitada ten por obxecto a previsión dun novo vial que conectará a N-651 coa estrada municipal, que partindo da praia Grande conduce a Bañobre.

De conformidade co disposto na disposición transitoria primeira 1.g) da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as modificacións do planeamento vixente á entrada en vigor desta lei deben axustarse ao disposto nela, e que conforme ao sinalado no art. 93.4, as modificacións de calquera dos elementos dos planos suxeitaranse ás mesmas disposicións mencionadas para a súa tramitación e aprobación.

O expediente foi aprobado inicialmente na sesión do 24 de xaneiro de 2006 e que sometido a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios insertos no taboleiro de edictos, e nos xornais *La Voz de Galicia* do día 07/02/2006, *La Opinión* de A Coruña do 03/02/2006 e no DOG do 10/02/2006, sen que durante o prazo de exposición ao público se presentara ningunha reclamación.

Constan no expediente os informes dos órganos sectoriais ou da xustificacións de que foron solicitados.

Así mesmo, constan no expediente informes favorables do técnico e do asesor xurídico, co conforme do secretario.

De conformidade co disposto nos artigos 89 a 93 da LOUGA, as atribucións para resolver sobre a aprobación definitiva das modificacións do planeamento correspóndenlle ao concelleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Coa abstención do concelleiro de BNG Sr. Abreira e once votos a favor dos restantes membros da Corporación que asisten á sesión, acórdase:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Miño, coa previsión dun novo vial que conectará a N-651 coa estrada municipal, que partindo da praia Grande de Miño conduce a Bañobre, denominada "Variante de Bañobre".

2º.- De conformidade co disposto no art. 85.5 da Lei 9/02, elevar o expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para a súa aprobación definitiva.

6.- OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO.- Ao non estar incluído este asunto na orde do día, procédese a votar a urxencia deste co seguinte resultado: votan en contra da urxencia os concelleiros Sr. Laya Carril e Abreira Sobrado do BNG que suman dous votos, abstense o concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez, e votan a favor os nove membros restantes da corporación que asiste á sesión, polo que por maioría absoluta se aproba a urxencia e éntrase a debater e votar.

Ante a necesidade de iniciar o procedemento para a contratación da obra de remodelación da rúa principal de Miño e ante a imposibilidade de demorar o inicio deste procedemento ata que non estean dispoñibles os créditos deste investimentos, o Pleno do Concello, co voto en contra dos concelleiro Sres. Laya Carril e Abreira Sobrado, a abstención de concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez e os nove votos a favor dos restantes membros da corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar o inicio do expediente de concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 811.000,00 euros, co obxecto de financiar parcialmente a remodelación da rúa principal de Miño.

2º.- Aprobar as bases que rexerán a concertación da operación de préstamo que se unen como anexo a este expediente.

3º.- Que se proceda invitar a todas as entidades financeiras deste municipio e ao Banco de Crédito Local para que poidan presentar as súas ofertas dentro do prazo previsto nas bases.

4º.- Co fin de axilizar o procedemento para a concertación da operación e sinatura do contrato do préstamo, acórdase delegar na Alcaldía-Presidencia a adxudicación da operación á entidade que presente a oferta máis vantaxosa, de

conformidade co previsto no art. 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

O concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG manifestou o seu voto en contra, xa que descoñecía o proxecto das obras e se se vai levar a efecto a urbanización.

A presidencia contestou que se sacará a concurso a obra.

O concelleiro Sr. Herva Mallo manifestou que non debemos frear a actividade municipal, cremos urxente a modificación da travesía e vámolos facer a través dun concurso de proxecto de obra.

7. CONTROL O EQUIPO DE GOBERNO.- MOCIÓNS – O Concelleiro do PSG-PSOE, Sr. Cortizas Rodríguez, dá lectura á seguinte moción: “Na actualidade a atención das necesidades en situación de dependencia converteuse nun problema social de primeira magnitude nun reto para as políticas públicas, que non poden seguir inhibíndose diante das dificultades e custos que a dependencia supón para centros de miles de familias españolas.

Segundo o Libro Branco da Dependencia o número de persoas en situación de dependencia no noso país estímase en 1.200.000 no ano 2005 e roldará as 1.3373.000 persoas no ano 2015.

As ineficiencias do Estado de Benestar estanas suplindo as familias, nas que recae a atención ás persoas dependentes, e especialmente nas mulleres. O 83% dos cuidadores/as son mulleres, cunha idade media de 52 anos. As tres cuartas partes das persoas cuidadoras non desenvolven actividade laboral ningunha.

Segundo datos do Libro Branco, só o 6,5% das familias que cuidan persoas dependentes conta co apoio dos servizos sociais. Só o 3.14% das persoas maiores de 65 anos contan cun servizo de axuda a domicilio, o 2,05% con teleasistencia e o 0,46% cunha praza nun centro de día.

Estes datos evidencian a necesidade de actuar diante dunha situación, que non é nova, pero que sufriu un agravamento co proceso acelerado de avellentamento a nosa poboación, o que está dando unha dimensión nova ao problema, tanto cuantitativa como cualitativa, ao coincidir con cambios profundos na estrutura social da familia e da poboación cuidadora.

O Goberno actual priorizou as decisións políticas necesarias para recuperar en materia de políticas sociais, achegando solucións para atender non só ás necesidades das persoas dependentes, senón tamén das súas familias, presentando no Consello de Ministros do 23 de decembro de 2005, o Anteprojecto de Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes.

POR TODO ISTO sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta MOCIÓN para que este adopte os seguintes **ACORDO**

1.- Felicitar o goberno da Nación, pola decisión política de afrontar un reto tan importante como é a protección das persoas dependentes, que debe transformar en dereitos unha reivindicación histórica das persoas que se encontran nesta situación e das súas familias.

2.- Solicitar ó Goberno central que recoñeza un novo dereito de cidadanía, o das persoas que non poden valerse por si mesmas a ser atendidas polo Estado.

3.- Que a futura Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia garante un catálogo de prestacións e servizos comúns para tódolos cidadáns en condicións de igualdade.

4.- Impulsa-la coordinación e cooperación nesta materia entre tódalas Administracións Públicas, cada unha en marco das súas competencias.

5.- Aproba-lo compromiso do Pleno de colaborar na posta en marcha dos principios da futura lei e do novo dereito de cidadanía que comporta para tódolos españois”.

Ao non estar incluída na orde do día, procédese a votar a urxencia e esta apróbase por unanimidade, e sen debate, apróbase por unanimidade a moción nos seus propios termos.

- **O mesmo concelleiro, Sr. Cortizas Rodríguez, dá lectura á seguinte moción:** “Os motivos que nos levan a presentar esta MOCIÓN son realmente xustificables xa que estamos a falar dunha zona do núcleo urbano de Miño chamada travesía da Ribeira onde a miúdo xurden pequenas colisións de vehículos debido ao estacionamento en liña emprazado nunha seme curva, o que ocasiona que os vehículos que circulan en dirección ao centro urbano e tamén no sentido contrario invadan os diferentes carrís. Tamén nesta mesma zona se terá en conta o estacionamento de vehículos nas marxes das interseccións, e provocan estes unha notable redución de visibilidade ao incorporarse aos viais principais.

POR TODO ISTO ,sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN** para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

Fágase un estudo por parte dos técnicos municipais para a posible anulación do estacionamento situado na curva da travesía da Ribeira e estúdese tamén nesta mesma zona a posible anulación dos estacionamentos nas marxes das interseccións”

Apróbase por unanimidade a urxencia ao non estar incluída na orde do día e sen debate apróbase por unanimidade a moción nos seus propios termos.

- O Sr. Abraira Sobrado, concelleiro do BNG, dá lectura á seguinte moción: “O pasado día 22, saíu publicado no DOG unhas liñas de axudas destiñadas desde a Consellaría de Innovación e Industria a impulsar o comercio, cun orzamento de máis de 7.8 millóns de euros. Estas axudas están incluídas no Plan de Renovación e Mellora do Comercio Galego, no que se inclúe un programa específico de mellora competitiva do comercio, que entre outras cuestións persegue, por unha banda, a inclusión por parte dos concellos da actividade comercial como un elemento máis dentro do concepto global de planificación urbanística e, pola outra, o impulso dos espazos de uso comercial como fórmula para conxugar os intereses entre o comercio e o entorno no que se desenvolve a súa actividade.

O noso concello poderá optar a estas axudas no caso de pór en marcha actuacións como a realización de estudos de mellora da organización dos mercados retallistas, así como a realización dos proxectos de investimento como consecuencia das propostas formuladas nos devanditos estudos que favorezan a posta en marcha de novos servizos ou que supoñan unha transformación substancial da súa infraestrutura, funcionamento ou xestión.

Entre outras medidas aplicadas por esta consellaría, a Xunta de Galiza está a facer unha aposta clara polo pequeno e mediano comercio. Outras axudas destiñadas directamente a este sector para a renovación e mellora dos establecementos, así como as axudas destiñadas a potenciar o comercio no rural ou da artesanía, son unha mostra disto. Neste caso as axudas son, por unha parte, a concesión de subvencións a corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, e pola outra, a concesión de subvencións a corporación locais para actuacións de vertebración do comercio urbano.

O BNG aposta por potenciar o comercio no noso concello polo que consideramos vital impulsar actuacións desde a corporación local que melloren e potencien o noso comercio. Pero tamén é preciso contar co propio sector para estas actuacións, xa que é o sector directamente implicado ao que van destiñadas estas axudas.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte,

ACORDO

Único.- Constituír unha Comisión de traballo municipal na que estén incluídos os grupos municipais e unha representación dos comerciantes presidida polo alcalde ou persoa en quen delegue, para propoñer ao Pleno da Corporación as actuacións que se consideren máis oportunas para solicitar as subvencións”.

Sométese a votación a urxencia da moción, e fano a favor os concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE. Abstense o concelleiro Sr. Laya Carril e votan en contra os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que queda desestimada a urxencia.

- O mesmo concelleiro dá lectura ao seguinte escrito.- “A Xunta de Goberno Local ten denegado licencias de obras en base ao feísmo urbanístico pois entendía os compoñentes do goberno municipal que loitar contra o feísmo non solo era un dereito senón unha obriga.

Desde o BNG entendemos que a loita contra o feísmo ten que empezar por unha actitude decida das administracións no só nas competencias senón tamén actuacións que son da súa competencia.

O entorno da igrexa e cemiterio da igrexa parroquial de Bemantes están sometidas a un importante feísmo por mor da existencia de bloques grises sen recebar ao lado dun importante núcleo arquitectónico.

Por todo ilo
PROPONSE

Que o Concello de Miño faga os trámites necesarios para acometer as melloras necesarias para rematar co feísmo reinante no entorno da igrexa e camposanto parroquial de Bemantes”.

Sometida a votación a urxencia da moción, fano a favor os concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e Laya Carril que suman tres votos, e en contra os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que queda desestimada.

A Presidencia manifestou que as obras fixéronse coa anuencia dos veciños.

- O Sr. Abraira Sobrado dá lectura ao seguinte escrito: “As obras de urbanización de Costa Anakara e do seu campo de golf estan acarreado diversas molestias aos veciños e veciñas do Concello e tamén un importante impacto ambiental. Dentro do impacto ambiental é de destacar o feito saído recentemente nos medios de comunicación nos cales se falaba do desbordamento da poza de decantación das augas de escorrentia o que provocou o arrastre de tons de materia organica rio abaixo ata alcanzar o mar. Este arrastre provocou o depósito de sedimento e conilo e mortandade de marisco e outros animais e plantas acuáticas.

O problema antes citado podería evitarse se a mentada balsa de decantación funcionase correctamente pero esto non é así,

Por todo ilo
PROPONSE

Que o concello obligue a empresa FADESA a que tome as medidas necesarias para que a poza de decantación das augas de escorrentia faga os cometidos para os que foi construída no prazo máis breve posible”.

Por unanimidade acórdase a urxencia e a Presidencia sinala que se está a executar un proxecto de obras en Galea e fixéronse peticións á Xunta e non houbo contestación ás mesmas. Replica o Sr. Abraira que en Miño hai carencia de estruturas deportivas xa que a xuventude, excepto o pavillón polideportivo cuberto de Miño, non ten onde practicar deportes. A Presidencia indica, dígame en qué parroquia non hai

instalacións. O Sr. Herva Mallo sinala, non sei de qué Concello é vostede concelleiro, sabe que o desenvolvemento urbanístico de Piñeiro dará ao Concello unha cantidade importante e será para financiar actuacións municipais e serán executadas obras ademais por 1.400.000 euros que ten achegar o adxudicatario. Replica o Sr. Abraira Sobrado solicitando unha relación das obras pedidas á Vicepresidencia da Xunta.

A Presidencia sinala, non rectifique ao meu compañeiro, vostede pertenceu á Comisión de Piñeiro e retirouse dela e a Xunta non contesta as nosas peticións.

A Presidencia somete a votación a moción e fano a favor os concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e Laya Carril, que suman tres votos, e en contra os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que queda denegada a moción presentada.

- O Sr. Abraira Sobrado dá lectura ao seguinte escrito: “Este pasado sábado preto de 300 veciños e veciñas manifestáronse diante da casa do concello para exixirlle ao Sr. alcalde que remita tal e como demanda o tribunal de expropiación o expediente integro e ben realizado a este organismo para que se poida ditar sentenza xustiprezo a respecto das propiedades para a realización da urbanización costa anákara e do campo de golf da empresa FADESA.

Esta manifestación produciuse por mor de que o Sr. Alcalde e o Sr. Juan Herva se negan a remitir dito expediente de xeito completo ao tribunal de expropiación por non se sabe que intereses.

Por todo ilo,
PROPONSE

Que o Sr alcalde remite de novo, no prazo máximo de 15 días, o expediente tal e como o demanda o tribunal de expropiación para que este organismo poida ditar sentenza de xustiprezo”.

Sométese a votación a urxencia e acórdase por unanimidade.

A Presidencia indica que se aprobou a urxencia por respecto ás persoas que asisten á sesión e engade, vostede é un oportunista, no seu día dixo que non ía defender os propietarios para que cobrasen máis, votamos a favor da urxencia e que o Sr. Herva explique este asunto.

O concelleiro Sr. Herva Mallo manifesta: cando se iniciaron os trámites para o desenvolvemento urbanístico deste sector, vostede dixo, oxalá se levaran todos os asuntos como se está a levar esta petición, non sei porqué personaliza en mín, cando sabe que os trámites non son da miña incumbencia, unha vez elaborado o proxecto remitiuse ó Xurado de Expropiación, e isto foi en maio de 2005, cun escrito do Sr. alcalde solicitando que se axilizasen os trámites e este xurado estivo poñendo pegas, dando *largas*, o mesmo para pasar o expediente ao novo Xurado de Expropiación creado pola Xunta; a documentación está remitida.

Replica o Sr. Abraira dicindo: menten vostedes, o BNG nunca estivo no equipo de goberno municipal e antes non se redactaban actas das comisións. Continua, o alcalde delegou en vostede Sr. Herva as competencias de urbanismo e seguen mentindo na carta que lles mandaron aos veciños; o documento foi devolto porque non estaba completo, e o que deben facer é facilitar para que cobren os veciños.

A Presidencia manifesta: sexa sensato e honrado xa que non paga a pena que faga isto por un puñado de votos.

Sométese o acordo a votación e fano a favor os concelleiros Sr. Abraira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e Laya Carril que suman tres votos a favor, en contra os nove membros restantes que asisten á sesión polo que queda denegado.

8. ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez formula as seguintes preguntas e rogos:

1º.- ¿En que situación se atopa a día de hoxe o expediente expropiatorio para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución do Sector do Solo Urbanizable Residencial–Deportivo de San Xoán de Vilanova Perbes que xa foi remitido con anterioridade en data 9 de maio do 2005?

Senón foi remitido novamente o expediente, rógolle que se lle remita canto antes ao Xurado Provincial de Expropiación a documentación necesaria.

A Presidencia indícalle que contestará por escrito.

2º.-¿Por que o Concello se demora tanto en esixirlle á Empresa Fadesa o aval bancario que ten que depositar como garante do cobro do xusto prezo dos terreos e xuros de demora como así se recolle no CONTRATO ADMINISTRATIVO punto nº2 do apartado (GARANTÍA DO PAGO DO PREZO XUSTO DA EXPROPIACIÓN)?

Rógolle que se lle esixa á empresa Fadesa o aval necesario, que se estipula no convenio co Concello.

O Sr. Herva Mallo contesta que a empresa adxudicataria presentou contra isto un recurso contencioso-administrativo e ata que non se resolva non se pedirá.

3º- O 22 de abril do 2005 na sesión da Xunta de Goberno Local ,recoñecese unhas diferenzas de superficie a favor dos propietarios de 20.571m2, que un ano antes cando se expropiou, non estaban contemplados nas follas identificativas das parcelas.¿Está o concello tomando medidas coa empresa para que se lles pague aos veciños as diferenzas que se lles deben?

Rógolle que se axilicen estes trámites para que os veciños cobren esas diferenzas que lles pertencen.

Contesta o Sr. Herva que parte xa se pagaron e noutros están os técnicos intentando chegar a algunha solución.

4º.- En xullo do 2004 o importe das 119 parcelas de dono descoñecido, ausentes ou con problemas de documentación foron depositados na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda . Ao longo dese ano os veciños foron reclamando as cantidades depositadas correspondentes ás súas propiedades. E labor do concello notificarlle a Facenda a que propietarios corresponden as cantidades depositadas .¿Sº alcalde, está o concello informando dos depósitos a Facenda ?

No caso de que non sexa así ,rógolle que informen dos depósitos para que os veciños cobren os seus cartos.

O Sr. Herva contesta que hai unha serie de propietarios descoñecidos e noutros casos non hai propiedades controvertidas e non é o Concello o que ten a competencia para determinar quen son os titulares; os predios que presentaron documentación que dá fe xa se están notificando e os demais terán que presentar documentos que acrediten a propiedade; todo isto estano levando os técnicos e o asesor urbanístico.

O concelleiro Sr. Abraira Sobrado formula as seguintes preguntas e rogos:

1º.- ¿Por qué se leva con tanto escurantismo o dos depósitos consignados polos predios nesta urbanización? A Presidencia contesta que ten todos os expedientes á súa disposición, pode acudir ao Concello e examinalos.

2º.- ¿Vai cumprir a Alcaldía coa lexislación vixente e responder as preguntas feitas por este concelleiro no pleno ordinario do mes de febreiro?

A Presidencia sinala que se lle contestará por escrito.

3º.- Cal foi o motivo polo que o Concello de Miño non remitiu de xeito correcto o expediente das expropiacións da urbanización Costa Anakara ao Tribunal de Expropiación

A Presidencia sinala que xa foi contestado isto.

4º.- ¿Quen é a persoa que ocupa neste intre o posto de traballo de atender o rexistro de entrada e saída de documentación? É un/unha funcionario/a?

A Presidencia contesta que é Gema Rodríguez.

5º.- Está nestes intres constituída a comisión de investigación sobre o suposto enriquecemento do Sr. Alcalde e o concelleiro Juan Herva que a Alcaldía se comprometeu a constituír no último pleno ordinario? ¿Empezou dita comisión a realizar o traballo para o que foi criada? Esta previsto que dita comisión poida recibir información e declaracións de veciños e concelleiros que se presten voluntarios? ¿Cando está previsto que dita comisión eleve as súas conclusións ao Pleno da corporación?.

A Presidencia contesta que está formada a comisión que preside a interventora e que xa se lle informará.

O Sr. Herva Mallo sinala que xa que indicou no seu día, todo o patrimonio excepcional que apareza ao meu nome regálollo.

6º.- ¿Sabe vostede se Carlos Abal, asesor externo da Alcaldía, está imputado nalgún presunto delito por prevaricación? ¿Pensa vostede que este feito afecta á boa imaxe do Concello de Miño? ¿Pensa vostede tomar algunha medida para garantir o prestixio desta institución?

A Presidencia responde que terá vostede que preguntarllo a el.

7º.- ¿Por que a páxina do Concello de Miño en Internet non está en galego? ¿Por que na páxina de internet non aparecen todas as asociacións do Concello?

A Presidencia sinala que ordenará que a cambien o antes posible.

8º.- ¿Parécelle normal que tengo o alcalde un dos salarios máis altos do SERGAS como médico de cabeceira cobre este soldo íntegro ao mesmo tempo que cobrou preto de 8.000.000 de pesetas en asistencias e dietas no ano 2005?

A Presidencia contesta que lle informará o Sr. alcalde, sinalando que vostede o aprobou.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos, redactándose a presente acta, da que eu o secretario dou fe.

O presidente,

O secretario,